

Enquisa de poboación activa. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo).

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse a este regulamento a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indícase que os segundos trimestres de cada ano débese introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas estruturais, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

En 2020 o tema investigado é o dos accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo, de acordo co indicado no Regulamento de Execución 2018/1709 do 13 de novembro de 2018 da Comisión Europea.

Os obxectivo principal deste módulo é obter información sobre o número e tipo de accidentes que se producen no traballo e o seu impacto laboral, os problemas de saúde provocados ou empeorados polo traballo, os factores de risco e as características laborais das persoas afectadas.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O módulo de 2020 está estruturado en 3 submódulos. O primeiro ten como poboación obxectivo todas as persoas de 16 a 74 anos que actualmente traballan ou estiveron traballando durante os últimos doce meses antes da semana de referencia da enquisa. O segundo submódulo ten como poboación obxectivo todas as persoas de 16 a 74 anos que actualmente traballan ou que traballaron no pasado. O terceiro submódulo ten como poboación obxectivo todas as persoas de 16 ou máis anos que están traballando na actualidade.

3. Deseño da enquisa

O deseño mostral do módulo sobre a conciliación laboral coincide co da EPA, ao realizarse de forma conxunta, para un sexto da mostra trimestral, ao longo de todo o ano.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas utilizadas todo ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa nin os fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, conventos, ...) nin as vivendas secundarias ou de temporada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, onde as seccións censuais son as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa. Enquísanse a todas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. Distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en 6 submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

O traballo de campo realizouse entre o 6 de xaneiro de 2020 e o 9 de xaneiro de 2021, que corresponde ao período de referencia do 30 de decembro de 2019 ao 3 de xaneiro de 2021.

4. Definicións

Poboación ocupada

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.